

Tan só con leres un libro

Este é o título dunha canción do grupo [Mamá Cabra](https://www.youtube.com/watch?v=j2zH7a3nAW0), que podes ver e escoitar aquí:

<https://www.youtube.com/watch?v=j2zH7a3nAW0>



Esta é a letra:

Encontrei unha princesa
nun gran pazo de cristal
e un castelo con dez torres
e tellados de metal.

Unha osa prateada
que sabía cociñar,
un león cunha coroa
que aprendeu a gobernar.

Encontrei catro xigantes
que gustaban devorar
nenos de cabelos loiros
cociñados no xantar.

Encontrei un sapoconcho
que corría a máis non dar
e unha lebre preguiceira
que con el ía apostar.

Unha bruxa con verrugas
que nos quere enfeitizar
e dous irmáns e outros nenos
perdidos nun carballal.

Un esquío e máis un coello,
un boi, un oso e unha ra,
un dragón con labaradas
que nos quere chamuscar.

Encontrei o que vos digo
e máis podía encontrar
porque con leres un libro
mil mundos podes achar.

1. Ilustra a canción como ti queiras.

2. Seguro que nos versos da canción recoñeciches algún conto, verdade? Escribe aquí os seus títulos.

3. Agora, escolle un personaxe dos que aparecen na canción para facelo protagonista do conto que vas escribir:

RECORDA

O **conto** é unha narración dun suceso inventado.

Para que che sexa máis doado escribir un conto, fíxate nos pasos que debes seguir:

- **Cando, a quen e onde ocorreu?** Podes presentar os personaxes do conto. Di o seu nome e descríbeos: trazos físicos e de carácter.
- **Que ocorreu?** Explica o que lle sucede ao personaxe e conta que é o que ocorre na túa historia.
- **Como rematou o conto?** Escribe como acaba o teu conto.

4. Escribe o teu conto nun borrador, revísao e ...

Comproba que non che esqueceu nada contestando estas preguntas:

- | | |
|-----------------------------|-----------------------------|
| - Como se titula? | - Que lle ocorre? |
| - Empezaches cunha fórmula? | - Como acaba a historia? |
| - Quen é o protagonista? | - Remataches cunha fórmula? |

5. Finalmente pásao a limpo e ilústrao, se queres:

RECORDA

Cada liña dun poema chámase **verso**.

Os versos poden estar agrupados en **estrofas**.

Cando a última palabra dun verso remata cos mesmos sons que outra, dicimos que os versos **riman**.

1. Observa o poema e completa.

Número de versos: _____

Número de estrofas: _____

2. Une as palabras que riman.

gorrión

solpores

flores

mar

papoula

algodón

casar

troula

3. Numera os versos da canción dende o 1 ata o final. Que versos riman?

4. Escribe palabras que rimen con:

Libro _____

Ler _____

Conto _____

Rosa _____

5. Pensa nun personaxe dun conto ou dun libro e escribe outra estrofa para a canción:

Encontrei _____
